

Rudyard Kipling ou a saudade da selva

REVISTA GALEGA
DE EDUCACIÓN
PUBLICACIÓN DE NOVA ESCOLA GALEGA

ISSN: 1132-8932

Páx. 84-88

Miguel Vázquez Freire

Nova Escola Galega

arno@mun-do-r.com

UN ESCRITOR VIAXEIRO

Rudyard Kipling forma parte dese selecto grupo de escritores que acadaron en vida sona universal saltando por riba das fronteiras idiomáticas, nun tempo no que a difusión masiva dos textos literarios estaba aínda nos seus inicios. Foi, logo, un dos primeiros escritores “estrela”, seguindo a senda aberta por Dickens e compartindo a popularidade de Mark Twain ou Jack London, todos eles tamén cultivadores dunha literatura dirixida a un público amplo, entre o que se incluía a infancia e a mocidade. Tamén coma eles, o seu éxito popular trocou en sospeitoso para un tipo de crítica literaria elitista que de xeito apriorístico establece que a excelencia estética é necesariamente incompatible coa conquista masiva dos lectores, polo que en máis dunha ocasión se sentiu menosprezado. Mais atopará tamén bos valedores entre críticos de prestixio, como o poeta T. S. Eliot. En 1907 é o primeiro escritor de lingua inglesa que recibe o Premio Nobel de Literatura, o que supón a súa definitiva consagración.

Kipling nace na cidade india de Bombai en 1865, fillo dun profesor de Escultura Arquitectónica especialista en arte indostánica. O seu pai, John Lockwood Kipling, será o ilustrador dos seus primeiros libros. Daquela a India é unha posesión colonial do Imperio Británico (a “xoia da coroa”, dirase, pola súa importancia económica). Como adoitaba facerse entre os funcionarios británicos, el e a súa irmá quedarán ao coidado dunha familia en Londres co obxecto de recibiren educación na metrópole. Na súa autobiografía, publicada postumamente, o escritor lembrará esa estancia como a da “casa dos horrores”, o que seguramente influíu na mitificación dos primeiros anos felices vividos na India e na dualidade da súa relación co fenómeno colonialista:

se por unha parte será un defensor inequívoco do Imperio e do seu "labor civilizador", por outra manifestará sempre unha admirada atracción polas formas de vida exuberantes e mesmo caóticas da "salvaxe" India.

En 1878 ingresa nun College de Devon, onde destaca como un moi bo estudante con precoces habilidades literarias. Regresa á India en 1882 e moi cedo comeza a traballar na redacción de varios periódicos e revistas. Nelas publicará os seus primeiros contos, algúns dos cales reunirá en 1888 nun libro baixo o título *Plain Tales from the Hills* (Contos dos outeiros). En 1889 embarca nunha longa viaxe trala que chegará á Gran Bretaña despois de pasar por China, Xapón e os Estados Unidos. Durante toda a súa vida será un gran viaxeiro, visitando numerosos países. Á India regresa por última vez en 1891, un ano antes de casar con Carrie Balestier, irmá de quen fora o seu editor en Estados Unidos. Nese país vivirá catro frutíferos anos nos que publicará *The Jungle Book* (1894) e *The Second Jungle Book* (1895), onde aparecerán as historias protagonizadas por Mowgli, de éxito inmediato. Tamén alí escribe a novela *Captains Courageous* (Capitáns intrépidos) que verá a luz xa en 1897, cando a familia de Kipling se instala en Inglaterra, onde fixarán a súa residencia definitiva a partir de 1902.

En 1900, ano da publicación da que moitos consideran a súa mellor novela, *Kim*, Kipling cobre para varios periódicos a guerra dos bóers en Sudáfrica. En 1906, un ano antes de recibir o Premio Nobel, publica *Puck of Pook's Hill* (*Puck do outeiro de Pook*), unha singular homenaxe á historia de Inglaterra da man do trasno Puck, personaxe da comedia de Shakespeare *Soño dunha noite de verán*. Durante a Primeira Guerra Mundial perde ao seu fillo John, morto na fronte con tan só 18 anos. Dos seus

tres fillos, dúas fillas e un fillo, sobreviviralle tan só a filla menor. Ao morrer, en 1936, é recoñecido como unha gloria nacional e os seus restos repousan na Abadía de Westminster.

KIPLING EN GALEGO

A ampla obra do escritor angloindio ten escasa representación na nosa lingua. Aínda que aparecen tres títulos, en realidade trátase tan só da tradución dun libro (o primeiro *Libro da Selva*) e dos contos que compoñen outro (*Just so Stories for Little Children*, 1902). Comecemos por estes, primeiros en aparecer. A colección Árbore de Galaxia publicou co título *Así foi* os contos que en castelán levaron o título, máis aproximado ao orixinal, *Sólo cuentos* (Anaya, 1988). Non me parece mala escolla a adoptada para a versión galega, pois en efecto case todos os contos inclúen esa expresión: "Así foi..." como "... se formou a gorxa da Balea", "... o Camelo conseguiu a xiba", "... logrou o Leopardo as manchas na pel" etc. Poderíamos dicir logo que se trata de contos didácticos se non fose porque as explicacións paródicas e fantasiosas que propón o autor nada teñen que ver coa realidade biolóxica dos procesos evolutivos que en efecto deron lugar aos diferentes órganos ou variantes do corpo dos animais aludidos. E non porque Kipling ignorase a teoría darwinista, daquela xa abondo asentada aínda que non lle faltase detractores, senón porque o que dirixe os seus relatos non é ningún afán científico. Estes contos responden máis ben á longa tradición das fábulas protagonizadas por animais, cuxa conduta é adoptada como ensinanza moral para orientación da conduta humana. Mais tamén respecto delas, a opción proposta por Kipling ofrece variantes persoais. Os seus animais non reproducen os caracteres tópicos (a zorra astuta, a formiga traballadora...)



nin ilustran modelos de comportamento, aínda que nalgún caso a lectura poida reorientarse nesa dirección. O que predomina é a intención humorística, que o autor desenvolve con variados recursos. Podemos albiscaar o ben que Kipling o pasou escribindo estes sinxelos contos pola diversión que a nós nos seguen ofrecendo. Contos didácticos? Eu diría que non senón que, ben ao contrario, semellan unha versión paródica e burlesca dos mesmos, como facía Carroll na súa Alicia cos poemas moralistas que os escolares ingleses tiñan que aprender na escola.

De entre estes contos a editorial Embora selecciona dous (os que levan os títulos "Así se escribiu a primeira carta" e "Como se fixo o primeiro alfabeto") que, cunha lixeira adaptación do tradutor, se trocan nun único relato. Insisto de novo no inútil e mesmo erróneo que sería procurar nel unha interpretación científica ou realista da auténtica xénesis do primeiro alfabeto escrito, ou pensar que nos proporciona unha visión máis ou menos válida da vida no Neolítico, como teño lido nalgún lado. Debe ser visto tan só (o que non é pou-

co!) como un estupendo divertimento literario que adopta unha forma próxima á oralidade, co uso de fórmulas reiterativas que van marcando o ritmo do relato, como na presentación dos tres personaxes principais:

Había unha vez ... un home primitivo ... Chamábase Tegumai Bopsulai, que quere dicir "Home-que-non-dá-un-paso-sen-pensalo", pero nós imos chamalo Tegumai, por abreviar. (A muller chamábase) Teshumai Tewindrow, que quere dicir "Muller-que-fai-demasiadas-preguntas" ... (A filla pequena chamábase) Taffimai Metallumai, que quere dicir "Pequena-sen-modais-que-tiña-que-levar-unha-tunda".

Será o fedello da pequena Taffimai quen provoque, primeiro un rebumbio fenomenal que mobiliza a toda a tribo, e logo o achado casual dun novo invento. Así o constata o Gran Xefe da tribo:

Oh "Pequena-sen-modais-que-tiña-que-levar-unha-tunda", fíxeches un gran invento.

Non pretendía inventar nada; só quería que alguén trouxera a lanza negra de papá -dixo Taffy.

Dá igual. É un gran invento e algún día a xente vai chamalo escritura ...

Se alguén quixese tirarlle algún partido didáctico a estes dous contos unificados nun úni-



RUDYARD KIPLING
**Como se fixo
o primeiro alfabeto**

edicións embora

co relato, suxiro traballar sobre a inevitable ambigüidade de calquera sistema de representación escrita. Os equívocos na interpretación dos signos gráficos que a pequena Taffimai vai creando para transmitir as mensaxes do seu pai constitúen un dos mecanismos humorísticos máis eficaces do relato. Mais non hai dúbida que equívocos análogos seguen e seguirán producíndose en toda comunicación escrita. Sabelo aceptar pode ser unha lección tan importante como exercitarse en mellorar a precisión no uso da linguaxe para reducir o máis posible os malentendidos que eses equívocos provocan.

MOWGLI, O NENO SALVAXE

O nome de Kipling témolo hoxe asociado sobre todo coas aventuras do neno lobo Mowgli, o relato que ocupa a parte principal do *Libro da selva* (que en castelán tamén recibiu o nome de *Libro de las Tierras Virgenes*). Respecto da fascinación que sobre nós, tanto nenos como adultos, exerce esta figura tense escrito moito e aínda así eu non creo que ningunha interpretación conseguira desvelar o misterio desa sedución. Seguramente tampouco o darei eu feito aquí. Penso que xusto o poder que encerran as grandes creacións literarias (e as artísticas en xeral) é a súa capacidade de apertura a máis dun único sentido, por iso resulta inútil o intento de pechallas nun significado exclusivo, por iso tamén poden dicir cousas diferentes a diferentes lectores, en diferentes idades, en diferentes épocas. Paréceme, por iso, limitada a suxestión de Juan Tebar (sempre excelente nos seus estudos da modélica colección *Tus libros de Anaya*, ou para os monográficos de CLIJ) segundo a cal sería un intento por parte de Kipling de poñer a dialogar os seus dous universos biográficos, o Occidente británico e o Orien-


te indostánico. É certo que a situación de Mowgli, cría humana acollida por unha familia de lobos entre os que medra, aparece expresamente como unha identidade dual que se sente rexeitada nos dous ámbitos, no dos lobos por ser humano, no dos seres humanos por ser lobo.

- Lobo! Fillo dun Lobo! Marchalberrou o sacerdote (...)

- Outra vez? Primeiro porque son un home, agora porque son un lobo. Marchemos de aquí, Akela.

Sen dúbida este dobre rexeite reflicte ben o que sabemos sentiu en moitas ocasións o propio Kipling, visto como un branco polos indios e como un "indio" polos británicos. Mais é tamén indubidable que a forza desa figura dobremente desenraizada (e non creo que nisto Tebar me levase a contraria) sobrancea con moito o caso singular de Kipling ou a circunstancia específica do fenómeno colonial. Vexo nela máis ben a confusa saudade dun pasado primixenio no que a continuidade da especie humana coa natureza animal (o que quere dicir tamén coa natureza en xeral) aínda non se tería rachado. Porque o home civilizado é quen está obrigado a aceptar que o proceso civilizador leva consigo a ruptura coa sinxela espontaneidade da "vida salvaxe", e esa aceptación é vivida como unha dolorosa perda malia todas as vantaxes conquistadas. En certo xeito a infancia é o espazo etario onde esa vida espontánea aínda chega a reinar, mais tamén onde o humano sofre o proceso de ser definitivamente desprovisto dela, papel que xogará a educación escolar. Mowgli pode verse así como a rousseuniana figura ideal que reconcilia a ancestral melancolía da vida natural cunha educación que non se ve obrigada a anulala:

Mowgli creceu con altura e forza, como debe crecer un neno que non sabe que está aprendendo, coma o neno que non ten outra cousa na cabeza agás a comida.



Alén destas interpretacións, sempre abertas a discusións, a historia de Mowgli é unha gozosa aventura, enriquecida cunha prodixiosa galería de personaxes: Akela, o vello lobo gris xefe da manda; a panteira Bagheera e o oso Baloo, protectores de Mowgli; os seus inimigos, o sanguinario tigre Shere Kahn e o traizoeiro chacal Tabaqi; a sixelosa serpe Kaa; os preguiceiros e vocingleiros monos Bandar-log. Que ninguén pense que Kipling concibe a reconciliación coa natureza ao xeito dunha especie de anarquismo, un facer o que a un lle peta vivindo nun xogo interminable. Ao contrario, a educación natural de Mowgli implica a aprendizaxe da inflexible Lei da Selva, "que nunca ordena nada sen razón", indispensable para poder sobrevivir nela. Quen non a respecta, como os insoportables Bandar-log, que non teñen lei, nin fala propia, nin xefes, nin recordos, son desprezados e marxinados por todos os restantes animais.

O relato conclúe con estas palabras que parecen anunciar unha continuación:

E así Mowgli marchou, e a partir daquela día cazou cos catro cachorros da selva. Pero non sempre estivo só, porque anos despois

se converteu nun home e casou. Pero esa historia é para os maiores.

Mais a continuación, que aparecerá no *Segundo Libro da Selva*, non nos relatará esa vida de Mowgli xa integrado entre os seres humanos. Como dela aínda non contamos con tradución ao noso idioma, prescindirei aquí de calquera comentario.

O primeiro *Libro da Selva* inclúe tamén catro deliciosos contos que conclúen, como tamén os tres capítulos nos que se divide a historia de Mowgli, con cadanseu poema (tamén os contos de *Así foi*). De entre eses contos eu teño debilidade pola marabillosa historia da magosta Rikki-Takki-Tavi, que salva a todos os membros dunha familia humana da agresión dunha víbora e dunha parella de pitóns. Dous deles (*Toomai o dos elefantes* e *Os servos da súa Maxestade*) son moi representativos da ideoloxía colonialista que evidentemente inspira moitos escritos de Kipling e que lle ten gañado as denuncias dos estudos literarios poscoloniais. Eu repito, respecto disto, o que xa teño sinalado con outros autores: os "erros" ideolóxicos, concibidos desde a perspectiva dos valores democráticos non deben servir como criterio para

avaliar os méritos estéticos. Gocemos destes e, se queremos, analicemos, por exemplo, co alumnado as concepcións ideolóxicas someténdooas á crítica e situando ao autor debidamente no seu contexto histórico.

Para concluír esta parte, permítaseme lamentar que a editorial galega Kalandraka non ofrezca na nosa lingua o excelente *Kipling ilustrado*, libro editado co apoio da Diputación de Valencia e o Museo Valenciano de la Ilustración e de la Modernidad, que inclúe sete contos de Kipling ilustrados por recoñecidos artistas españois (entre eles ningún galego).

MOWGLI NA GRAN PANTALLA

O *Libro da Selva* conta con excelentes adaptacións cinematográficas. A primeira, en imaxe real, foi dirixida en 1942 por Zoltan Korda e protagonizada polo mozo indio Sabú, quen gozou dunha efémera sona. Hoxe é un filme difícil de atopar, eclipsado polo éxito da versión en debuxos animados de Walt Disney (foi o último filme producido en vida de Disney) aparecida en 1966. Eu confésome fan declarado deste filme que conta cunha das bandas sonoras, na miña opinión, máis lograda das



produccións disneianas, o que é dicir moito. A canción de Baloo ou a marcha dos elefantes quedarán sempre atrapadas na memoria de varias xeracións de nenos e nenas. Iso si, a versión amable e cómica do oso educador en nada se asemella ao do texto de Kipling, onde Baloo é reprendido por Bagheera por bater a Mowgli ao castigalo con excesiva dureza. Ao que contesta Baloo con toda unha defensa do uso da castigo físico polo “ben” do educando:

“Mellor que malle eu nel que o quero, ata que quede morado dos pés á cabeza, e non que se manque por causa da súa ignorancia”.

O mesmo podería dicirse dos anárquicos monos, na versión de Disney case desprovistos por completo do lado negativo co que os vestira Kipling, trocados nunha divertidísima tropa de aloucados e adorables animais, dirixidos polo jazzístico Rei Louie (personaxe que obviamente non existía no relato de Kipling, lémbrese que a anárquica sociedade simiesca carecía de mando). Nada ten de raro

que o pequeno Mowgli se sinta seducido por eles e chegue a preferilos á responsable educación que lle propoñen Baloo e Bagheera. Neste sentido, a atracción do reino dos Bandar-log sobre a inmadura vontade infantil aparece como un equivalente ao País dos Xoguetes (a Illa dos Xogos no *Pinocho* de Disney) ao que é arrastrado Pinocho cando escapa da escola.

En 1994 a produtora Walt Disney realizou unha nova versión en imaxe real d’*O Libro da Selva*, con dirección de Stephen Sommers e entregando o papel de Mowgli de novo a un actor de orixe india, Raju Patel. Eu non coñezo esta versión pero si a realizada en 2016 baixo a dirección de Jon Favreau, tamén cun actor indio, Neel Sethi, que me parece un prodixio de integración de animais vivos nun relato realista, cuns resultados estéticos moi aceptables.■

REFERENCIAS

Obras de Kipling en galego:

- *Así foi*. Trad.: M.ª Dolores Martínez Torres e Xohana Torres. Con ilustracións do autor. Ed. Galaxia, 1992.
- *Como se fixo o primeiro alfabeto*. Trad. e adapt. Xesús Constela; il. de Luis Rapela. Ed. Embora, 2008.
- *O libro da selva*. (Versión orixinal: *The Jungle Book*, ed. Macmillan, Londres 1894) Trad.: Rafael Salgueiro. Il. (debuxos en branco e negro): John Lockwood Kipling. Ed. Morgante, 2010.
- *O libro da selva*. Trad.: Rafael Salgueiro. Il. da capa: Carlos Arrojo. Ed. Sushi, 2014.

En castelán:

- *Kipling ilustrado*. Notas introductorias de Javier Varela, Lola Pascual e Teresa Durán. Ilustracións de Ajubel, Pablo Amargo, Isidro Ferrer, Pep Motsserrat, Pablo Auladell, Paco Giménez e Arnal Ballester. Kalandraka, 2011.
- Monográfico dedicado a Ruyard Kipling. *Revista CLIJ*, ano 14, nº 143, novembro 2001.